

PROCEDIMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS FINAIS DE MÓDULOS – 2º RÉXIME ORDINARIO E CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS MARZO 2022

Normas xerais para a reclamación das cualificacións

1. Aclaracións oportunas do Profesor ao alumnado disconforme coa cualificación. De non chegar a acordo, procederase como se indica no seguinte apartado.
2. O/A alumno/a ou os pais (cando o alumnado é menor de idade), poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación no prazo de dous días lectivos, baseada nos puntos seguintes que contempla a normativa (1, 2 e 3, máis adiante especificados). Débese ter en conta que unha reclamación que non se axuste a estes puntos non poderá ser atendida.
3. **29 e 30 de Marzo** son as datas establecidas para presentar as reclamacións na secretaría do centro educativo, onde se lle facilitará o modelo de reclamación. Poderase presentar tamén a través dos rexistros electrónicos habilitados.

A/s solicitude/s de revisión, tramitada/s pola Dirección, trasladaranse á Xefatura do Departamento implicado, que **convocará unha reunión de departamento extraordinaria**, para contrastar:

- 1.- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- 2.- Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- 3.- Correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia.

O Departamento procederá ao estudo da solicitude e **emitirá un informe motivado e razoado**, que recolla:

- Descrición de feitos e actuacións previas que teñan lugar.
- Análise e revisión de todos os aspectos e evidencias que inflúan na avaliación do alumnado.
- Xustificación da decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

O Xefe de Departamento dará traslado a Dirección do informe elaborado; o Director emitirá resolución ao respecto que comunicará ao/á alumno/a.

O Xefe de estudos e o Profesor Titor considerarán a procedencia de reunir en sesión extraordinaria á Xunta de Avaliación, no caso de rectificación de cualificacións.

Se tras o proceso de revisión, procédese a modificación dalgunha cualificación, o Secretario do Centro fará as oportunas dilixencias, visada polo Director en:

- Actas
- Expediente académico

Achegarase á dirección do centro a seguinte documentación: Convocatoria de reunión e acta/informe da mesma, asinada por todos os membros do departamento. Copia da programación didáctica, na que consten os obxectivos e os contidos mínimos esixibles e os criterios de cualificación; copia dos rexistros de avaliación, coa documentación aportada polo alumnado para tal fin. Calquera outra evidencia que sexa relevante para a resolución da reclamación.

- **O proceso de resolución deberá realizarse nun prazo máximo de 5 días lectivos**

En Vigo a 15 de Marzo de 2022

Asdo: Rubén Otero Caneda
Director CIFP Manuel Antonio